



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro, 1
36995-Poio (Pontevedra)

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS CATORCE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SETE DE XANEIRO DE DOUS MIL NOVE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a Celeste Nieto García, D. Alberto villaverde Méndez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González. Asiste como Secretaria a da Corporación D^a. Paula Ramos Díaz; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3201.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 30/12/2008.- Dáse conta da acta anterior da sesión realizada polo Pleno o 30/12/2008, num. 413, a que quedou aprobada por unanimidade.

3202.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3195.- ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ TITULAR DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse xunto coa copia do expediente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza; 3196.- PERSOAL, REVOGACIÓN DAS BASES DE 4 PRAZAS DE AUXILIAR TÉCNICO EN INFORMÁTICA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e trasladouse ao Departamento de Persoal; 3197.- APROBACIÓN BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA DO ICIO CORRESPONDENTE AOS EXPEDIENTES DE URBANISMO: 333/09, D^a. PEREGRINA MÉNDEZ MUÑIZ; 434/08, D.

AGUSTÍN MARTÍNEZ UCHA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados; 3198.- CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE-SERVIZO GALEGO DE SAUDE E O CONCELLO DE POIO SOBRE ASUNCIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO DOS CENTROS DE SAUDE DE ANAFÁNS E COMBARRO E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e trasladouse á Unidade de Patrimonio; 3199.- PATRIMONIO, DETERMINACIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO DUN CAMIÑO EN LIÑARES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados; 3200.- PROPOSTA ALCALDÍA AO PLENO SOBRE INSTALACIÓN DE NOVAS FARMACIAS EN POIO, EN CONTESTACIÓN A ESCRITOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN ANTONIÑO DA CAEIRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e á Asociación de Veciños San Antoniño da Caeira."

A Corporación dáse por enterada.

3203.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario, as que estiveron a disposición dos membros da corporación xunto cos demais asuntos.

A corporación dáse por enterada.

3204.- APROBACIÓN BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA DO ICIO CORRESPONTE AOS EXPEDIENTES DE URBANISMO: EXP. 427/06 DE D^a DOLORES FERNÁNDEZ CARBALLA E EXP. 453/08 DE D^a M^a CARMEN CERNADAS GARCÍA.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 20/01/2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente tramitado a instancia dos propietarios de varias edificacións que se pretenden rehabilitar dentro da Area de Rehabilitación de Combarro, en virtude do Convenio asinado no seu día co Instituto Galego de Vivenda e Solo, prevíndose na Ordenanza reguladora aprobada a tal efecto unha bonificación do ICIO.

Dándose conta igualmente do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, polo que se informa favorablemente os expedientes de rehabilitación en dita area, así como do informe da intervención municipal, de data 15 de xaneiro de 2009, de que a ordenanza fiscal preve a concesión dunha modificación individual de ata o 95% da cota que resulte por aplicación do tipo impositivo previsto para as vivendas unifamiliares e que a bonificación ten que aprobarse polo Pleno do concello por maioría simple.

A Comisión por unanimidade acordou propor ó Pleno a aprobación da bonificación do 95% da cota do ICIO das obras seguintes: Expte. 427/06, D^a Dolores Fernández Carballa e o Expte. 453/08, D^a M^a del Carmen Cernadas García e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar a cada

un dos propietarios o 5% do ICIO.”

Non subscitándose ningún debate, en votación ordinaria polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este seu número legal del membros, o pleno

ACORDOU:

Primeiro: Aprobar a bonificación do 95% do ICIO das obras correspondentes aos expedientes de urbanismo 427/06 e 453/08.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de urbanismo, para que se realicen os trámites necesarios para liquidar o 5% do ICIO.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo aos interesados comunicándolle que contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 14.2º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3205.- CONTRATACIÓN, OBRAS FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.- Dáse conta do expediente e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 20/01/2009 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada

con data 5 de xaneiro de 2009: "6144.-CONTRATACIÓN, OBRAS FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.-Vistos os informes da Secretaria e Interventora Municipal do Concello de POIO respecto ás Memorias explicativas de obra redactadas, para os efectos de solicitar subvencións ao abeiro do Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo especial do Estado para dinamización da economía e o emprego, QUE INDICAN:

1.- Que son obras financiáveis, dado que reúnen as características contempladas no artigo 3.1 a) do Real Decreto-Lei para que poidan ser financiadas con cargo ao Fondo.

2.-Que son obras non previstas no presuposto do Concello de Poio para o ano 2009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), acordou:

Primeiro: Aprobar a realización das seguintes INVERSIÓNS:

1º.- OBRA ADECUACIÓN E MELLORA DO CONTORNO AO "MONUMENTO DA MEMORIA".

Orzamento: 231.842,52 euros, ive incluído.

Prazo Execución: cinco meses.

Núm. de postos de traballo: 9 traballadores aprox.

2º.- DOTACIÓN DE SERVIZOS EN CAMIÑO TARRÍO E CAMIÑO DAS LAXES. POIO.

Orzamento: 405.083,43 euros, ive incluído.

Prazo execución: Catro meses.

Núm. de postos de traballo: Entre 10 e 12 operarios.

3º. CONSTRUCCIÓN DE MURO DE MAMPOSTERÍA, PARA DEFENDER CONTRA O MAR, ADECUAR E MELLORAR o espazo URBANO sito no entorno da PRAIA DE COVELO

Orzamento: 49.746,17 euros, ive incluído.

Prazo execución: Un mes.

Núm. de postos de traballo: 4 operarios aprox.

4º.- REDE DE PLUVIAIS EN RÚA BEIRAMAR-CAMPELO

Orzamento: 84.830,22 euros, ive incluído

Prazo execución: Dous meses.

Núm. de postos de traballo: 6 operarios aprox.

5º.- REPOSICIÓN DE CUBERTA DO POLIDEPORTIVO XIMNASIO NA SECA.

Orzamento: 35.984,36 euros, ive incluído.

Prazo execución: Dous meses.

Núm. de postos de traballo: 6 operarios.

6º.- CASA MUSEO DE COLÓN

Orzamento: 450.435 ,10 euros, ive incluído.

Prazo execución: Oito meses.

Núm. de postos de traballo: 20 operarios".

Así como do acordo adoptado en sesión celebrada polo mencionado órgano colexiado o 12 de xaneiro de 2009: "6173.- CONTRATACION, OBRAS FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, de conformidade co artigo 83 do R.O.F., R.D. 2568/1986, de acordo coa maioría requirida no artigo 47 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, Vistos os informes da Secretaria e Interventora Municipal do Concello de POIO, respecto as Memorias explicativas de obra, redactadas, para os efectos de solicitar subvencións ao abeiro do Real Decreto Ley 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo especial do Estado para dinamización da economía e o emprego , QUE INDICAN:

1.- Que son obras financiáveis, dado que reúnen as características contempladas no artigo 3.1 a) do Real Decreto-Ley para que poidan ser financiadas con cargo ao Fondo.

2.-Que son obras non previstas no presuposto do Concello de Poio para o ano 2009

3.- De acordo co establecido no artigo 3. b) de dito Real Decreto Ley 9/2008, as obras deben licitarse antes de que transcorra un mes dende a publicación na páxina web do Ministerio de Administración públicas da resolución de autorización para o seu financiamento polo Fondo.

A Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos cinco membros presentes sendo 6 o número legal de membros asistentes e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), acordou aprobar as seguintes INVERSIONS:

1º.- "PROYECTO BÁSICO DE ORDENACION DE ESPACIOS PÚBLICOS NA BARCA." Fase 1: Estudio previo do desenrolo da "ÁREA 1"

Orzamento: 600.000 euros, ive incluído.

Prazo Execución: 6 meses

Núm. de postos de traballo: OITO operarios

2º.- PROYECTO PARA LA ORDENACION Y AJARDINAMIENTO DE LA FINCA COSTA GIRALDEZ EN LOURIDO

Orzamento: 617.803,99 euros, ive incluído.

Prazo execución: SEIS meses.

Núm. de postos de traballo: SEIS operarios.

3º. 2ª FASE DE REFORMA DE VESTUARIOS DEL CAMPO DE FUTBOL DA SECA

Orzamento: 64.616,04 euros, ive incluído.

Prazo execución: TRES meses.

Núm. de postos de traballo: 9 operarios .

4º.- PAVIMENTACION Y SERVICIOS EN DIFERENTES CAMINOS DEL MUNICIPIO DE POIO

Orzamento: 102.848,60 euros, ive incluído

Prazo execución: TRES meses.

Núm. de postos de traballo: 9 operarios

5º.- SUSTITUCION DE FALSOS TECHOS EN CEIP ESPEDREGADA

Orzamento: 37.945,43 euros, ive incluído.

Prazo execución: DOUS meses.

Núm. de postos de traballo: 7 operarios.

6º.- PAVIMENTACION Y ADECUACION DEL PATIO DEL C.E.I.P. DE VIÑAS

Orzamento: 54.395,14 euros, ive incluído.

Prazo execución: DOUS meses

Núm. de postos de traballo: 7 operarios".

Pola Secretaria lémbrese aos asistentes que o actual réxime de distribución de competencias en materia de contratación entre Alcalde e Pleno é o previsto na Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de contratos do sector público, tendo en conta ademais o réxime de delegacións establecido no Decreto da Alcaldía do 21 de xuño de 2007 de delegación de competencias do Presidente da Corporación en favor da Xunta de Goberno Local.

Ningunha das obras previstas nas Memorias aprobadas supera o 10 por cento dos recursos ordinarios nin teñen un periodo de execución estimado superior ao remate do propio exercicio 2009, polo que o órgano competente de contratación sería a Xunta de Goberno Local.

Pese a elo, exponse que dado o tenor do artigo

22.2°.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, que confire atribucións ao Pleno para todos aqueles proxectos de investimento non previstos no orzamento, por razóns de mera seguridade xurídica e pese a atoparse o concello en situación de prórroga orzamentaria polo que se terían dado de baixa os capítulos de gastos de capital, elévanse os acordos tomados pola Xunta de Goberno Local, a consideración plenaria.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que desde o P.P. Se alegran do diñeiro que ven pero si votamos en falta o consenso dos 3 grupos políticos; teño unha dúbida xa que se fala de 102 traballadores pero que entendo que é fomentar a consolidación do emprego entón o Sr. Zapatero míntenos porque non se crean novos postos de traballo de operarios senón que se usan os que hai; é unha mentira máis do PSOE e do Sr. Zapatero.

Desde o P.P. pedimos que se lle de prioridade ás empresas do Concello de Poio e aos desempregados de Poio.

A Sra. Besada Lores contesta que lle agradecen ao Sr. Domínguez que pense tanto nos veciños de Poio. O Sr. Zapatero o que pretende, con esta medida, é fomentar o emprego que se non se crean novos postos de traballo polo menos que non se destrúan e que non haia máis desempregados. O PSOE non pode obrigar ás empresas a que contraten a persoas de Poio; pódese suxerir e recomendar pero non obrigar.

O Sr. Piñeiro Murillo di que en canto ao consenso todo queda moi bonito pero propostas por parte do PP non houbo e en canto á contratación de empresas de Poio, tamén queda moi bonito, pero empresas en Poio que fagan este tipo de proxectos se hai son moi pouquiñas.

O Sr. Domínguez Lino contesta que el nunca falou da obriga e di de prioridade; con respecto ao de Zapatero leo publicación do venres 9 de xaneiro; expectativas erróneas.

A Sra. Besada Lores di que as previsións non sempre son xenerar senón que non haxa máis xente no paro.

O Sr. Agís Gómez di que existe unha crise mundial non so en España e que aquí había unha dependencia exaxerada da construción, cando se fai un "Fondo" faise unha previsión do emprego que se vai crear.

O Sr. Barreiro Lubián di que a medida parécelle lóxica que se inxecte cartos ao Concello; decidímonos por estes proxectos polo seu importe e acometida, proxectos que mellorarán a calidade de vida do Concello.

Entrando no problema da crise, eu creo que é un problema de todos; existía unha inflación espectacular. A culpa é do goberno pero de qué goberno. É un problema do

sistema. Estas medidas seguramente non arranxan nada pero seguro que non empeoran.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o Fondo Estatal de Inversión Local hai pretensións de baixalo e tamén sería bo que non baixara senón que subira.

A Comisión acordou ditaminar favorablemente a elevación do expediente a consideración plenaria para o seu coñecemento e efectos oportunos."

O Sr. Domínguez Lino di que desde o PP se alegran que o bigoberno de Poio dun día para outro cambiara de idea da nosa proposta nas obras do Fondo Estatal de Investimento Local.

Como saben desde o PP pedimos ao goberno do Concello de Poio que se dera prioridade legal tanto ás empresas de Poio nas contratacións das obras como ás escasas contratacións que isto vai supoñer aos desempregados do noso concello. Na devandita comisión desde o Partido Socialista se nos dixo que queríamos impoñelos e desde o BNG dubidabase da capacidade das empresas de Poio para realizar as obras. Alegrámonos, repito que ao día seguinte da nosa proposta na Comisión de Facenda, o Alcalde salise publicamente anunciando que se ía contratar e invitar ás empresas de Poio, nos casos posibles para realizar as obras proxectadas para o Fondo Estatal. Fondo, que volvemos a repetir que a pesar de ZP e de Touriño, desgraciadamente, o PP debe denunciar que o Partido Socialista nos está a enganar novamente.

O goberno de España anuncianos que este plan conleva a creación de máis de 220.000 novos postos de traballo, o delegado do goberno volvenos a mentir cando di que este plan creará 5500 postos en Pontevedra.

Como sabe a Sra. Besada e o Partido Socialista de Poio din que se crearán 102 novos postos de traballo e como saben isto é mentira. Ogallá, se creasen pero a realidade é que non vai ser así. Non se pode enganar á xente como ultimamente están a facer os socialistas.

Recordar tamén as declaracións do Sr. Zapatero e do PSOE non fai máis dun ano:

"O PP está a crear un alarmismo inxustificado que pode danar as boas expectativas. É o menos patriótico que coñezo."

"Crearemos ata dous millóns de novos postos de traballo e colocaremos a taxa de paro no 7%".

Aquí o PSOE acertou en todo. No ano 2008, en vez de crear 2.000.000 de postos de traballo creou 1.300.000 novos parados, cunha cifra récord de 3,250,000 persoas desempregadas das que 1087 persoas pertencen a Poio.

E a taxa de paro en vez de colocala no 7% como é a media no 2008 da Unión europea e prometera en España colocala de momento no 14%.

Isto si se lle chama patriotismo e non alarmismo.. señores socialistas.

Para o PP serñia preferible que non baixasen a porcentaxe de financiación local que dan aos concellos como o van facer este ano; xa que así os ingresos que reciban anualmente os concellos diminuan sería bo repito un sistema de ingresos estable a tempo.

A Sra. Besada Lores contesta que na Comisión de Facenda, díxose que non se podía impoñer a contratación de veciños de Poio ás empresas.

Hai adxudicacións que teñen que ser por concurso e a mellor oferta como vostedes saben, e adxudicárase á empresa que presente a mellor oferta.

Esa fixación co PSOE e co Sr. Zapatero de que se está mentir. Aquí ninguén minte, hai unhas previsións de crear postos de traballo e as cifras que se dan polo subdelegado do goberno son o resultado da sumar os postos de traballo das obras que se aproban. Penso que o PP está mentindo desde hai tempo e seguen mentindo.

O Sr. Piñeiro Murillo di que en Poio non hai empresas que teñen o tipo de clasificación para concursar nas obras de máis de 200.000 €.

O Sr. Domínguez Lino a continuación procede a dar lectura das declaracións do Sr. Rodríguez Zapatero publicadas o 09/01/2009 sobre a creación de emprego.

Aquí fixéronse concursos de asesoría, cursos de formación e non se invitou ás empresas de Poio e o que non se pode é enganar á xente na época electoral.

O Sr. Barreiro Lubián di que no Concello de Poio, fixéronse moitas obras e polas empresas que solen presentarse sabemos que non é posible, aínda que procuremos que sexan de Poio. Sabemos que o das obras non solucionará o momento de crise actual, pero axudará a que algunha xente non esté no paro.

O Sr. Alcalde intervén para dicir que na provincia de Pontevedra hai 61 concellos e a suma dos traballadores sale dos datos, que se remitiron a subdelegación polo concello. Con respecto ás obras o que reflitides na prensa non é así, nos queremos que participen empresas do municipio e o fundamental e que se presenten se cumpren os requisitos.

A corporación dáse por enterada.

3206.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA MODIFICACIÓN FISCAL REGULADORA DO IMVTM.- Dáse conta do expediente e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 20/01/2009, e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da proposta da alcaldía de data 19 de xaneiro de 2009 sobre modificación do artigo 3.1 e) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica co fin de incluír no ámbito de aplicación da exención contemplada actualmente para as persoas con minusvalía recoñecida legalmente en grado igual aou superior ao 33% as persoas con condición de pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente en grado total, absoluta ou gran invalidez e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

A Comisión, por unanimidade de asistentes, acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes."

Non subscitándose ningún debate, en votación ordinaria polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros, o Pleno **ACORDOU**

Primeiro: aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto municipal de vehículos de tracción mecánica.

Segundo: dispor a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Taboleiro de Anuncios do Concello polo prazo de 30 días dentro dos que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunos.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3207.- MOCIÓN DO PP, REVISIÓN TAXAS RESPECTO AO IPC REAL DO ANO 2008.- Pola secretaria da corporación dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PP que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o 20/01/2009 e que foi sometida a consideración, por razón de urxencia, da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas do mesmo día, obténdose o seguinte ditame: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción de data 20 de xaneiro de 2009 que tras unha ampla exposición de motivos solicitan que se tome o seguinte acordo: " Que se revisen los incrementos de Taxas aprobadas en el pleno de Septiembre y que se hagan en base al IPC real

anual de la Provincia de Pontevedra durante el año 2008 y que fue del 0'9%".

O Sr. Domínguez Lino explica o contido da moción manifestando que o equipo de goberno, BNG e PSOE aprobou unha subida de taxas para o ano 2009 do 1'84% en auga, 4'9% en RSU, vados, grúa e vertidos e dun 7,69% en saneamento. Nese momento, e debido á crise que estamos padecendo, o Partido Popular de Poio propuxo a conxelación de ditas taxas para non debilitar aínda máis as economías domésticas dos veciños de Poio e que dita proposta foi rechazada polo Pleno do Goberno de Poio. Na situación actual desde o Partido Popular entendemos que desde o Goberno Municipal debemos mitigar un pouco esta situación revisando dito incremento das taxas que é factible iniciar o procedemento que durará sobre 2 ou 3 meses e se aplicarán desde o mes de abril a finais de ano aproximadamente; cremos que é unha proposta sensata e real.

O Sr. Barreiro Lubián di que entende que é factible pero de dubidosa legalidade.

O Sr. Domínguez Lino contesta que si é legal, nos fixemos as nosas averiguacións.

O Sr. Barreiro Lubián di que pedir a revisión é correcto pero tamén o sería dos últimos 10 anos e mirar como evolucionan; soamente dicir que o IPC no ano 2007 foi superior á subida das taxas.

O Sr. Domínguez Lino contesta que non lle serio. Son unhas taxas que se cobraron e a situación actual non é a mesma porque hai 10 anos non había a situación de crise e de paro de hoxe.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que efectivamente temos un problema de crise pero non tan grande como a do 92 e dese momento están as estatísticas ahí; para o pleno traeremos datos do paro, rentas familias, subidas do IPC etc.

A Sra. Besada Lores manifesta que non leín detenidamente a moción pero a quen hai que baixarlle as taxas aos parados ou a todos os veciños de Poio. Sube o paro e iso non gusta a ninguén. Neste momento no concello, hai iniciativas para tratar de que non aumente o paro e non me parece serio que se baixen a estas alturas unhas taxas en base ao IPC anual do 2008.

O Sr. Domínguez Lino contéstalle que non debeu entender a proposta da moción xa que o que pedimos é que se revise o incremento das taxas aprobadas no pleno de setembro que eran para todos os veciños.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que farán outra proposta para o Pleno.

A Comisión por 3 votos a favor do PP, ningún voto en contra e 5 abstencións do BNG e PSOE acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

A continuación pola Secretaria dáse conta do informe conxunto emitido pola Secretaria Xeral e Interventora Municipal de data 23 de xaneiro de 2009, procedendo a dar lecturas as consideracións que se refliten no mesmo e que son as seguintes: "**CONSIDERACIÓNS:** Primeiro: en canto as taxas de devengo non periódico (como é o caso da taxa por prestación do servizo de grúa e a taxa de análise de vertidos e inspección de auga) o artigo 26 do TRLRFL establece no seu apartado primeiro que: "as taxas poderán devengarse, según a natureza do seu feito impoñible e conforme determine a respectiva ordenanza fiscal cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, ou cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade(...). Por tanto, con relación as mesmas, se lles aplicará a tarifa que esté en vigor no momento de producirse o feito impoñible e devengarse as taxas, independentemente do momento no que se aprobara a ordenanza fiscal que as regula; é dicir, se se procede a modificar o incremento a aplicar as tarifas vixentes no exercicio 2008, deberán realizarse os trámites establecidos no artigo 4º deste informe e, unha vez publicada a aprobación definitiva das ordenanzas fiscais que regulan as taxas no Boletín Oficial da Provincia as novas tarifas estarían en vigor e serían aplicables a partir dese momento.

Segundo: en canto as taxas de devengo periódico (taxa por prestación do servizo de recollida de lixo, taxa por prestación do servizo de tratamento e eliminación de lixo, taxa por prestación do servizo de subministro de auga, taxa por prestación do servizo de saneamento de auga e taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública por aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercaderías de calquera clase) a redacción do apartado segundo do artigo 26 non é tan clara xa que establece que : "cando a natureza material da taxa esixa o devengo periódico desta, e así se determine na correspondente ordenanza fiscal, o devengo terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa, o aproveitamento especial ou o uso do servizo ou actividade, en cuio caso o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte prorrateo da cuota, nos termos que se establezcan na correspondente ordenanza fiscal". Por unha parte parece indicar que o devengo das taxas de devengo periódico se produce en todo caso o un de xaneiro, en cuio caso calquer modificación que se realizara nas ordenanzas fiscais non entraría en vigor ata o un de xaneiro do ano seguinte; por outra parte, a mención que fai cando di "e así se determine na correspondente ordenanza fiscal" parece remitir a potestade

do artigo 106 para os entes locais en materia tributaria, é dicir, que parece abrir camiño para que o devengo das taxas poida ser trimestral, semestral, mensual... e neste caso calquer modificación que se realizara entraría en vigor no seguinte período de devengo ao da entrada en vigor da Ordenanza.

No caso das ordenanzas fiscais que regulan taxas de devengo periódico obxecto da proposta cabe distinguir dous grupos: Por unha parte a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública por aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercaderías de calquera clase: no artigo 8º da Ordenanza se establece que a liquidación , cando se trate de servizos de retribución periódica, se esixirá nos períodos que sinale a tarifa da taxa (que é anual) por tanto, o devengo parece claro que se produce o un de xaneiro e por tanto calquer modificación que se efectue non entrará en vigor ata o un de xaneiro do próximo exercicio.

Por outra parte as Ordenanzas Fiscais reguladoras da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo, taxa por prestación do servizo de tratamento e eliminación de lixo, taxa por prestación do servizo de subministro de auga e taxa por prestación do servizo de saneamento de auga: no caso das taxas que regulan os servizos de lixo as propias ordenanzas contemplan que o devengo das taxas se producirá o primeiro dia do período que sinale a tarifa (que é trimestral) por o que podería entenderse (facendo unha interpretación ampla do artigo 26 do TRLRFL) que calquer modificación que se producise podería aplicarse no seguinte trimestre ao da aprobación definitiva da modificación das ordenanzas e publicación das mesmas; no caso das taxas que regulan os servizos de abastecemento e saneamento de auga as ordenanzas que as regulan non fan referencia expresa ao devengo non obstante si falan de que a liquidación terá a periodicidade que determine a tarifa da taxa (que é en ambos casos trimestral) por o que, facendo a mesma interpretación do artigo 26, podería entenderse o mesmo con respecto a estas taxas; esta interpretación podería avalarse tamén en que, o ser o motivo da proposta a minoración dos tipos a aplicar como incremento, suporía unha menor carga tributaria para o contribuinte; interpretación que compartiría a filosofía da Lei de dereitos e garantías do contribuinte."

O Sr. Domínguez Lino di que esperamos que as dúbidas sobre a legalidade da nosa proposta e que manifestou o Concelleiro de Facenda lle quedaran disipadas coa emisión de informe pola secretaria e interventora municipal.

A exposición de motivos está moi clara e a nosa proposta tamén. Resumindo desde o PP, pedimos e esiximos que as taxas do ano 2009, revisadas no mes de setembro e aprobadas co voto favorable do BNG e do PSOE e que foron un incremento do 1,84% en auga; 4,9% no lixo, pasaxe permanente, grúa e vertidos e do 7,69% en saneamento se adecue ao IPC real do ano 2008 da provincia de Pontevedra e sexa do 0,9% o incremento, e que supón un beneficio para os veciños nestes momentos de crise e de crecemento de paro e que temos o exemplo en Poio de como durante o ano 2008 en Poio tivemos 332 novos desempregados o que é o mesmo 332 novas familias que se quedaron sen traballo con todos os problemas e falta de ingresos. Entendemos que con esta nova proposta do PP de Poio, xa que a fixemos en setembro da conxelación das taxas e que tampouco as apoiaron, e que neste caso e soamente pensando nas dificultades polas que están pasando moitos veciños de Poio, esperamos que apoiem esta nova proposta.

O coste que lle suporía ao concello é unicamente de 73.000 € e se se aproba debemos aplicala no seguinte trimestre sería a partir do mes de abril, polo que o coste sería moito menor.

Pedímoslle un pouco de sensibilidade nestes críticos momentos aos concelleiros do BNG e PSOE e apoiem a proposta de aplicar o IPC real do ano 2008 en vez do 4,9% e 7,68 % que aprobaron ao 0,9% proposto.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que do que se trata é de axitar os datos para confundir en maior medida. Desde que son concelleiro nunca se falou de IPC provincial, sempre se falou de IPC xeral, agora trátase de sacar o índice que máis interesa, polo tanto falaremos do índice xeral do IPC, e sempre se subiu en torno ao IPC estimado, sen saber cal era o IPC do ano próximo.

Estamos falando do IPC aprobado a 31/12/2008 pero nos estamos falando do 2009 e habería que ver como quedaría neste ano.

O PP fala de subas desorbitadas hai que dicir que a auga e saneamento vai recollendo na fórmula as variacións do IPC de cada ano.

O ano pasado acusounos de subida espectacular nos impostos pero non falou nada da auga e ao final as subidas quedaron por debaixo do IPC. A auga a subida media dos últimos anos foi do 2,6%, o saneamento no ano 2001 tivo unha baixada do 5,2% e a ninguén se lle ocorreu que había que subilo. O lixo subiu por enriba do IPC, era un servizo deficiente onde se depositaban os residuos na Seca, pasou ao monte de Combarro tamén nun estado lamentable e ter que tratar o lixo supón en Sogama 42 €/tonelada e cada vivenda

produce ao ano 1, 2 toneladas. No seu momento coas asociacións de veciños acordouse subidas do 10% anual para poder asumir as subidas dos custos. Estas subas parecen razoables e do máis suave entorno ao IPC.

O PP xa nos ten acostumados ás súas demagoxias, o IPC xeral quedou no 1,4% a fin de ano e temos un desfase un pouco máis importante pero nos dous últimos anos quedamos por debaixo do IPC.

Isto que está propondo de rebaixas, os impostos máis importantes suporía 6€ por vivenda no suposto que se aplicara todo o ano que posiblemente fora medio ano (3€) polos prazos.

Parécemos unha proposta aproveitando a resaca do momento que non conduce a mellorar a situación económica dos veciños. O problema é máis grave que as 1000 ptas. e tomar esa medida sería unicamente para crear un problema burocrático.

A auga e saneamento está por debaixo do IPC nos últimos 15 anos en torno aos 10 puntos. Non imos apoiar a moción.

A Sra. Besada Lores di que a moción presentada lle parece lamentable e ademais que se presente no momento que se está a vivir porque non supón a solución para as familias de Poio nin o afundimento.

Cando hai bonanza económica o Sr. Domínguez nunca propón nin ninca chegou a propor incrementos de subida. Pero como imos a fixar as taxas, en función dos ingresos dos veciños, e que pasa cos que si teñen traballo. Isto non é serio. Presentemos alternativas pero non propostas porque para os parados si se articulan outras medidas.

O Sr. Domínguez Lino contesta que hai que ter vontade política para levar a cabo esta proposta. Tamén fixemos propostas en setembro de conxelar as taxas e aquí non se fixo en cambio en Pontevedra si se fixo.

No ano 95 pagábamos 4000 € e agora 17000 € e deixese de demagoxias e témonos que basear nestes datos.

Que lle faga gracia que os euros que poden aforrar os veciños (luz, hipotecas...) se lle solucionaría moitos problemas.

Á Sra. Besada, lamentablemente é a situación do PSOE e que están pasando, prometer 2 millóns de postos de traballo e que se está a incrementar máis e máis o paro e lamentable é subir os impostos e por fin me alegra que recoñezan a crise.

O Sr. Piñeiro Murillo di que hai 5 meses vostede dicía que había que subir aos empregados do lixo o 20% e agora fala de que hai que baixar os impostos.

E de que IPC fala, porque a min non me sube o IPC os

gastos do ano: un 8, 9 ou 10%, dígame vostede como cadra os números.

O Sr. Agís Gómez di que fai referencia aos 2 millóns de parados pero non fai mención ao que di Rajoi de 2.200.000. Todo está mal, o único que se fai ben é o que fai o PP, ata en Pontecaldelas onde o saneamento é dun 10%.

O Sr. Barreiro Lubián di que en Pontevedra o PP presentou a mesma moción, que está presentando en Poio e non se sabe de que serviu a conxelación que fixo o Concello de Pontevedra.

A mellor nos temos o lixo un pouco máis caro que en Sanxenxo pero nos recollemos o lixo seis días á semana en todos os lugares de Poio e festivos no verán, se queremos dar un bó servizo hai que pagalo. O 90% dos veciños teñen saneamento e eles son os que pagan. O Sr. Domínguez non paga porque non vive aquí. Vostedes non están de acordo co sistema de que todo o mundo teña saneamento e non cobramos a ninguén por facer chegar a rede ata a súa casa porque xa contribuen todos veciños que teñan que pagar o servizo.

As tarifas nos subímolas progresivamente sen embargo o PP pretendía subila máis dun 300%, no caso da auga, agora faise do 2% e 4% e a iso chámalle subidas desorbitadas.

Non trouxemos ningunha proposta por sensatez, e se este ano nos quedamos por enriba do IPC tamén o ano pasado quedamos por debaixo.

A Sra. Besada Lores di que o PP en todas as campañas baixa os impostos e sube as prestacións pero cando goberno faino ao revés. Hai que ter memoria, e cando se fixo o saneamento daquela xa se dixo o caro que ía sair polo número de depuradoras que ían para Placeres.

Lamentable foi saber a economía do país no ladrillo e é lamentable que veñan aquí coa proposta.

O Sr. Villaverde Méndez di que no ano 87, cando gobernaba o PP, tampoco apoiastes as subidas.

O Sr. Domínguez Lino contestando ao Sr. Piñeiro di que, unha cousa son os impostos e se hai vontade política si é posible.

Contestando ao Sr. Agís, manifesta que si se tomaron medidas estruturais non se estaría nesta situación.

Contestando ao Sr. Barreiro, explica que Pontecaldelas conxelou as raxas e si Pontevedra enganou aos seus vexiños xa non é cousa nosa.

Contestando á Sra. Besada, se fala de gurra, non sei quen vendeu as armas a Israel que logo atacou Gaza.

O Sr. Barreiro Lubián di que no ano 85 houbo unha

subida do 20% de auga, sanemento e recollida de lixo, eno 87, 92, 93... Nese periodo as ubidas eran do 37% e o IPC era do 6%.

Tamén é patético dicir que 2 concelleiros manexaban o goberno.

O Sr. Villaverde Méndez di que non estaban na oposicion, estaban gobernando.

O Sr. Barreiro Lubián di que o tema da depuradora estaba arranxado ata que o Sr. Domínguez pediu que se adquiriran os terreos.

Para resumir non nos parece unha proposta sensata, adecuada, e que non imos a aprobar esta proposta e que o IPC deste ano coñeceran ao dinal de ano e non sabemos o que vai a conter.

O Sr. Alcalde di que o Sr. Domínguez non fixo alusións as modificacións das taxas de Sanxenxo, por algo será, seguro que non están por debaixo do IPC.

Se se aplican as baixas propostas ocasionaría un déficit que terían que asumir o resto dos veciños que non teñen o servizo, no caso de auga e saneamento, e isto non sería o máis xusto.

O que pasou no ano 87 houbo un empate entre dús forzas políticas que 4 anos despois se xuntaron e nós o que fixemos foi cada un votar polo seu grupo, o que estaba de alcalde perdeu a alcaldía e saliu a lista máis votada.

Sometido a votación o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, a Corporación, en votación ordinaria, por 7 votos a favor (7 PP), 10 votos en contra (7 BNG e 3 PSOE) e ningunha abstención, o Pleno ACORDOU:

Primeiro: Non prestar aprobación á moción presentada sobre revisión das taxas para o ano 2009.

3208.- URBANISMO, PROXECTO DE MOFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NUM. 16-B-15, RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA, 1 DE RAXÓ, PROMOVIDO POR D^a. MARÍA ESTHER CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación provisional do proxecto de modificación puntual do catálogo de edificios e conxunto do Concello de Poio, de descatalogación do ben protexdo num. 16-B15, en rúa Clemente Echeverría, 1 de Raxó así como do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo da súa sesión realizada o 13 de xaneiro de 2009 e que di o que segue: "E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente: "Visto o

expediente tramitado do proxecto de modificación puntual do Catálogo de edificios e Conxuntos do Concello de Poio de descatalogación do ben protexido núm. 16-B15, en rúa Clemente Echeverría, 1 de Raxó, promovido por Dna. María Esther Carolina Echeverría Pardo, así como o disposto no Plan de Ordenación Municipal vixente e na Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola lei 15/2004, de 29 de decembro, teño a ben informar o seguinte:

Primeiro: Por acordo do Pleno, núm. 3.150 adoptado en sesión de 9 de xullo de 2008 aprobouse inicialmente este proxecto de modificación puntual do Catálogo, expoñéndoo a información pública, durante o prazo dun mes, mediante anuncios no "Faro de Vigo" e no "Diario de Pontevedra" de 14 de agosto de 2008, e no Diario Oficial de Galicia o 21 de agosto de 2008, sen que se presentaran reclamacións ningunha contra o mesmo neste Concello.

Segundo: Igualmente solicitáronse os informes sectoriais correspondentes, con data 1 de setembro de 2008, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Protección do Litoral), Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Consellería de Cultura e Deportes e Consellería de Política Territorial (Servizo Provincial de Estradas), non presentándose no Concello durante o prazo dun mes, que rematou o 1 de outubro de 2008, informes de ditos organismos opoñéndose ó proxecto aprobado; e tendo entrada no Concello o 6 de outubro de 2008, informe do Servizo Provincial de Estradas, non opoñéndose ó proxecto aprobado.

Terceiro: Por oficios da Alcaldía de 31 de outubro de 2008, reiterouse o informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, da Consellería de Cultura e da Consellería de Medio Ambiente; dándose audiencia, igualmente no expediente, durante o prazo dun mes ós Concellos colindantes, de Sanxenxo, Barro, Meaño, Meis e Pontevedra.

Durante dito prazo dun mes non se presentou alegación ningunha, agás pola Consellería de Cultura e Deportes, que por escrito que tivo entrada no Concello o 19 de novembro de 2008, o Director Xeral de Patrimonio Cultura informa favorablemente a modificación aprobada; e constando tamén no expediente un oficio do Xefe do Servizo Provincial da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, que tivo entrada no Concello o 1 de decembro de 2008, comunicando ao Concello que o remite á Dirección Xeral de Urbanismo para a emisión do informe correspondente, sen que no día de hoxe se emitira ningún informe e transcorrendo xa o prazo dun mes que se lle concedeu no seu día.

Por todo iso, pode o Pleno do Concello, previo informe da Secretaria Xeral do Concello e ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, proceder á aprobación

provisional, por maioría absoluta, desta modificación puntual e someter o expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería de Ordenación do Territorio para que proceda a outorgar a aprobación definitiva. "

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Acctal. do Concello, que di textualmente: "Consuelo de la Peña Costoya, funcionaria de Administración Local, Técnico Administración Local grupo A, Secretaria accidental do Concello de Poio. INFORMA

1.-Expediente 425/ PROXECTO DE MODIFICACION PUNTUAL DO CATALOGO DE EDFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO - Descatalogación do Ben Protexido nº 16-B15 en R/Clemente Echevarria 1 Raxo Promovido por dona M^a Esther Carolina Echevarría Pardo, a documentación obrante, non se reproduce, por constar no expediente, nos distintos informes técnicos, e acordos de Pleno do Concello

2.- Con data 9/7/08 acordo núm. 3.150, o Pleno do Concello de Poio aproba inicialmente o Proxecto de modificación puntual, realizado polos Arquitectos Don Jose Antonio Sueiro Sueiro e Don Elías Cueto Alvarez, visado polo COAG con data 3/03/2008

3.- Como consta no expediente, e no informe do Asesor Xurídico, o Proxecto sométese a información pública, non presentándose ningunha reclamación contra o mesmo.

4.- Como consta no expediente, e no informe do Asesor Xurídico, recabáronse das administracións públicas competentes os informes sectoriais preceptivos. Asimesmo deuse audiencia ós concellos colindantes: Sanxenxo, Barro, Meis, Pontevedra, sen que, tivese entrada no Rexistro deste Concello, ningún informe ou escrito que se opuxese ao Proxecto de descatalogación do Ben nº 16-B15

Visto o anterior, o Informe do Asesor Xurídico de data 23-12-2008, co que non hai discordancia de criterio legal, cumpridos todos os trámites preceptivos, Procede, previo ditame da Comisión de Urbanismo APROBAR PROVISIONALMENTE polo Pleno esta modificación puntual, unha vez aprobada, deberá remitirse a Consellería de Ordenación do Territorio para aprobación definitiva todo isto de conformidade co disposto no art 85 e 93.3 en relación co art 53.1 f) da lei 9/2002, de 30 de decembro."

Esta Comisión acorda: Adherirse a ditos informes."

Non subscitándose ningún debate e polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros, ao abeiro do disposto no artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ACORDOU

Primeiro: Aprobar provisionalmente o proxecto de modificación puntual do catálogo de edificios e conxunto do Concello de Poio, de descatalogación do ben protexido num.

16B15, na rúa Clemente Echeverría num. 1 de Raxó promovido por D^a. María Esther Carolina Echeverría Pardo.

Segundo: Someter, xunto co expediente completo debidamente dilixenciado, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, coa finalidade de outorgar a aprobación definitiva.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Inicia este punto da orde do día o SR. Domínguez Lino que eleva o Alcalde a seguinte pregunta: en relación coa fonte Vaquero A auga é potable?.

O Alcalde ao abeiro do art. 97.7º do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, respostalle que dará adecuada contestación por escrito.

A continuación toma de novo a palabra o Sr. Domínguez Lino quen en atención ó pobo de Caritel de "Pontecaldelas" presente deSde fai xa moitos meses nas nosas sesións plenarias pregunta ao Alcalde se ten convocado a Mesa de Integración a celebrar no Concello de Poio, en cumprimento do compromiso adoptado no último pleno.

O Alcalde sinala que o compromiso so se limita a efectuar as xestión necesarias para que teña lugar dita en Mesa, pero non no Municipio de Poio senon en Vigo como ven sendo habitual e coa presenza das consellerías afectadas.

O Sr. Domínguez Lino insiste en que o Alcalde sí se comprometeu a que dita reunión tivese lugar en Poio, e por tanto formula rogo ao Alcalde a a Sra. Besada Lores, por respecto, educación e decencia política convoquen Mesa de Integración en Poio coa presenza da Consellería de Vivenda e Solo e Vicepresidencia.

O Alcalde manifesta que de educación e decencia o Sr. Domínguez ten pouco y que o compromiso, reitera de novo, referíase exclusivamente á celebración da Mesa en Vigo coa presenza das partes que habitualmente son convocadas e polo tanto é o que mantén.

O Sr. Domínguez Lino solicita á Secretaria que se recolla en acta que o compromiso ó que chegou o alcalde cos

vecinos de Caritel sí preveía a realización de Mesa de Integración en Poio e coas consellerías que o Alcalde estime por conveniente.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos, polo Sr. Presidente levántase a sesión, da que eu, secretaria xeral dou fe.